

PROPOSTA DE TRABALLO PARA ESTA SEMANA (30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL)

ETAPA: Educación Infantil (3 anos)

RECOMENDACIÓNS:

Aquí especificamos unha serie de actividades que vos poden servir de guía durante estes días que hai que permanecer na casa. Son actividades que podedes organizar e adaptar ás vosas posibilidades de material, tempo, etc.


ACTIVIDADES:

- ESCOITAMOS O CONTO “LA PEQUEÑA ORUGA GLOTONA”


https://www.youtube.com/watch?v=wFWcqD_5frl

Despois de escoitar o conto podemos:

- Identificar a personaxe principal e podemos inventar como acabaría este conto unha vez que a eiruga se converte en bolboreta ...a onde vai? Que fai? Que lle pasa? Seguro nos atopamos historias moi divertidas.
- Unha vez escoitado o conto dicir palabras que nos chamasen a atención e tratar de contar o conto coas túas palabras.
- Podemos recordar os días da semana e os números do 1 ao 5.
- Podemos xogar a debuxar unha eiruga simpática desta vez en parella e con dados.



Coa seguinte lámina o peque tira o dado e segundo o número que lle saia, ten que debuxar a parte que lle tocou. Despois tiraría o adulto e realizaría no mesmo debuxo a seguinte parte e así ata terminar. Tamén o poden facer eles sós, coa vosa supervisión.



E despois a voar a imaxinación e a facer as vosas propias eirugas e as vosas propias bolboretas (con oveiras, con pinzas, con cartón de papel hixiénico, etc) Outra opción sería debuxar ou a eiruga ou a bolboreta, ou coller un debuxo da internet e colorealo, e despois facer un puzzle con el.






Animádevos a compartir cos vosos compañeiros e compañeiras as vosas creacións.

- **Facemos ioga.** Visionamos o seguinte conto onde se nos mostran diferentes posturas para relaxarnos.

<https://www.youtube.com/watch?v=MI1S5rM0ou0>

- **Mandalas caseiras:** con obxectos e alimentos que teñades pola casa, podedes facer mandalas como a que fixo a profe Lorena na súa casa e colgou no blog.



- **Series frutais:** necesitamos froita e palillos de brochetas e o único que hai que respetar é a orden na que se insertan as froitas .Con esta tarefa traballamos o vocabulario das froitas, cor, textura, podemos tamén axudar a pelala, cortala e despois elaboramos unha serie, facémola e despois “lémola” (plátano, mazá,

plátano, mazá ou kiwi, pera, plátano, kiwi, pera, plátano, por exemplo). E despois a cómela! Ñam!!!






Este exercicio de series tamén se pode facer con diferentes tipos de pasta, ou con lentellas e fabas, con froitas enteiras...

Un exemplo pode ser:



1. Tiramos nun recipiente fabas, garbanzos e pasta (ou outro tipo de legume ou cereais) e que os toquen libremente, nomeámoslos...
 2. Clasifícamolos, cada un nun recipiente.
 3. Agrupamos. Escribimos un número por exemplo o 5 e teñen que facer grupos de 5 garbanzos ou grupos de 5 fabas.
 4. Podemos facer series: macarrón- faba- garavanzo, por exemplo.
- **CONTAMOS:** Con unhas planillas coma estas poden facer eirugas tan largas como o número que indique as mans, os dados, etc. Poden facelo con botóns, con tapóns, legumes...



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



- **O NOSO NOME:** Podemos facer a eiruga do noso nome, dos compis da clase, da miña familia e despois comparamos cal é máis longo, que letras se repiten, separamos por sílabas con palmadas... Un exemplo:



- **As nosas letras en fariña:** nun recipiente botamos fariña, area ou pan raiado e que tracen as súas letras, as dos seus amigos e amigas, as de mamá e papá...



- Podemos visualizar a seguinte presentación sobre os alimentos e as tendas onde se venden:

https://www.youtube.com/watch?v=e5Nta_GI7ko

- **Experimento: TINTA MÁXICA**



Para este experimento só necesitamos un limón, auga, un papel e un bastoncillo dos oídos ou un pincel. Empezamos exprimindo o limón e botándolle unha cucharada de auga. Mezclar e escribir coa axuda do pincel ou do bastoncillo varios nomes nun papel. Deixar secar. Poñer unha vela debaixo (sen poñer o papel demasiado cerca) e poderá ler o nome escondido.

Animádevos a compartir as cousiñas que facedes estes días e recordar que son orientacións, ideas que podedes axustar ás vosas circunstancias persoais. Gracias pola vosa colaboración e o voso traballo nestes días tan diferentes e quizais difíciles e un abrazo enorme para todos e todas. Un saúdo. Mónica.

